

**ACTA N.º 02 / 2021**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO**

<b>DATA</b>	Xoves, 2 de SETEMBRO de 2021
<b>HORA</b>	18:00 horas
<b>LUGAR</b>	Salón de plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
<b>ASISTENTES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PRESIDENTE: JOSÉ TOMÉ ROCA</li> <li>• VICEPRESIDENTE: M<sup>ª</sup> DEL PILAR GARCÍA PORTO</li> <li>• SECRETARIO: JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: ROBERTO GARCÍA PERNAS (SUPLENTE)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: DOLORES CASTRO OCHOA (SUPLENTE)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL BNG: EFRÉN CASTRO CALOTO (SUPLENTE)</li> <li>• MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA: FRANCISCO CAJOTO CASERÍO (TITULAR)</li> <li>• CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA: LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN (TITULAR)</li> <li>• CLUSTER DE TURISMO DE GALICIA: JOSE FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR)</li> <li>• ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA PROVINCIA DE LUGO: ANGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR)</li> <li>• ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO - APEHL: JACOBO GARCÍA-BOBADILLA PROSPER (SUPLENTE)</li> <li>• FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: LUIS S. FERNÁNDEZ DÍAZ (TITULAR)</li> <li>• ASOCIACIÓN GALEGA DE AXENCIA DE VIAXES- AGAVI: JUAN ANTONIO RIBADULLA FERNÁNDEZ (TITULAR)</li> </ul>

	IV7FWQBTLZEMLSHOXRI4C4L7CU	<b>Fecha y Hora</b>	08/09/2021 14:32:10
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FWQBTLZEMLSHOXRI4C4L7CU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FWQBTLZEMLSHOXRI4C4L7CU</a>	<b>Página</b>	1/4



	<ul style="list-style-type: none"> <li>• ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUIAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR)</li> <li>• FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL - FEGATUR: FRANCISCO ALMUÍÑA CHORÉN (SUPLENTE)</li> <li>• AUXILIA: MARIA NURIA NEIRA VILA (SUPLENTE)</li> <li>• XEFE DE ÁREA CULTURA E TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ.</li> <li>• RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO: LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA</li> </ul>
--	---

## ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 25 de febreiro de 2021.

2.-Estudo, análise e valoración das candidaturas presentadas aos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e aos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para a anualidade 2021.

## DESENVOLVEMENTO

No Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos, ás 18:00 horas, toma a palabra o Presidente da Deputación de Lugo, D. José Tomé Roca, que intervéñ para dar a benvinda aos membros do Consello de Turismo, lembrando que a sesión se convocou para avaliar as candidaturas e decidir os premiados da segunda edición dos premios Lugo Cambia ao Turismo Lucense e ...E para Comer Lugo á Gastronomía Lucense, galardóns cos que se contribúe a dar recoñecemento, visibilidade e promoción á oferta da provincia no ámbito gastronómico e no ámbito turístico co fin de atraer visitantes, xerar riqueza e fomentar o emprego, así como incentivar a modernización do sector, que se xeren propostas novas, suxerentes e adaptadas aos novos tempos.

Continúa a intervención facendo fincapé na excelencia das candidaturas que serán obxecto de avaliación na sesión, dado que todas elas reflicten moi ben o modelo de turismo cara o que avanzamos na provincia de Lugo e as posibilidades que temos de cara ó futuro: un turismo sostible, non masificado, que pon en valor o patrimonio, a cultura, a gastronomía e a paisaxe, e que contribúe a xerar riqueza e emprego no rural a través dunha oferta cada vez máis diversificada.

O Presidente continúa a súa intervención poñendo de manifesto que, dada a alta calidade das candidaturas presentadas a esta segunda edición dos premios, dende a Presidencia propónse a posibilidade de conceder un accésit na categoría de Turismo, de xeito que as catro propostas

	IV7FWQBTLEMLSHOXRI4C4L7CU	<b>Fecha y Hora</b>	08/09/2021 14:32:10
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FWQBTLEMLSHOXRI4C4L7CU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FWQBTLEMLSHOXRI4C4L7CU</a>	<b>Página</b>	2/4



presentadas acaden o recoñecemento que merece o seu traballo, o cal sería xusto para os candidatos e axudaría a ir consolidando estes galardóns.

Unha vez rematada a intervención, o Presidente indica que a sesión extraordinaria dos Premios de Turismo ten carácter reservado, polo que nese momento deben abandonar o Salón de Plenos todas aquelas persoas que non teñan a condición de membros do Consello. Acto seguido, dase paso aos correspondentes puntos que integran a orde do día:

**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 25 de febreiro de 2021.**

O Presidente pregunta se algún dos asistentes desexa formular algunha cuestión relativa á acta. Ao non pórse de manifesto ningunha cuestión, sométese a votación, quedando aprobada con 16 votos a favor e con 2 abstencións correspondentes á Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Provincia de Lugo e ao Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, que se absteñen por non ter asistido a dita sesión.

**2.-Estudo, análise e valoración das candidaturas presentadas aos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e aos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para a anualidade 2021.**

Intervén o Presidente para lembrar aos membros do Consello que lles foi remitida toda a documentación, e que polo tanto a terán vista e valorada, convidándoos a que se alguén desexa solicitar algunha aclaración ou facer unha intervención pode tomar a palabra antes de someter a votación as candidaturas.


Ao non producirse ningunha intervención, o Presidente explica o desenvolvemento do proceso de votación, indicando que no caso dos Premios de Turismo, como hai catro candidaturas, cada membro do Consello pode votar a tres.e que dispoñen dunha pepeleta na carpeta de documentación na que poden marcar ata tres das catro candidaturas. No caso dos Premios *...E para comer, Lugo*, dado que só hai unha candidatura, poden optar por votar ou non, non obstante, cun só voto resultaría premiada ao non haber maior concorrencia.

A continuación, os membros do Consello de Turismo proceden á votación das candidaturas aos Premios *“Lugo Cambia ao Turismo Lucense”* e aos Premios *“...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”* para a anualidade 2021, obténdose os seguintes resultados tralo reconto:

1º - Premios *...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense*: concorre unicamente a candidatura de ASOPORCEL, acadando o seguinte resultado nas votacións:

- Nº DE VOTOS A FAVOR: 13
- Nº DE VOTOS EN BRANCO: 5

	IV7FWQBTLEMLSHOXRI4C4L7CU	Fecha y Hora	08/09/2021 14:32:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FWQBTLEMLSHOXRI4C4L7CU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FWQBTLEMLSHOXRI4C4L7CU</a>	Página	3/4



2º. Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”: concorren as candidaturas da a aldea rural do Mazo, Viveiro ante o berce (Belén Xigante de Viveiro), páxina web turística “Terras de Burón” e Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel, obtendo os seguintes resultados tralo recuento de votos:

- ALDEA RURAL DO MAZO: 10 VOTOS
- VIVEIRO ANTE O BERCE (BELÉN XIGANTE DE VIVEIRO): 10 VOTOS
- PÁXINA WEB TURÍSTICA “TERRAS DE BURÓN”: 13 VOTOS
- XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO MONTAÑAS DO COUREL: 18 VOTOS

Rematado o recuento dos votos, o Presidente toma a palabra manifestando que tendo en conta o número de votos obtido polas candidaturas e que se produciu un *ex aequo* entre a aldea rural do Mazo e Viveiro ante o berce, acadando o terceiro posto en número de votos, considera que todas as candidaturas son merecedoras de premio e que polo tanto haberá unha cuarta candidatura premiada, felicitando a todos os candidatos.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión do Consello de Turismo, sendo as 18:17 horas.

V. e pr.

O Presidente,

O Secretario,

José Tomé Roca

José Antonio Mourelle Cillero

	IV7FWQBTLEMLSHOXRI4C4L7CU	<b>Fecha y Hora</b>	08/09/2021 14:32:10
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FWQBTLEMLSHOXRI4C4L7CU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FWQBTLEMLSHOXRI4C4L7CU</a>	<b>Página</b>	4/4

